



TRABALLOS TÓXICOS

TOMA O CONTROL, ESIXE UN TRABALLO SEN RISCOS!

Co gallo do 28 de abril de 2019, Día Internacional da Saúde e a Seguridade no Traballo, UGT e CCOO queremos poñer de manifesto o dereito que temos os traballadores e traballadoras a tomar o control sobre as nosas condicións laborais e a exixir un traballo sen riscos.

Durante 2018, a sinistralidade laboral seguiu medrando. Rexistráronse máis de 1,3 millóns de accidentes laborais, 152 cada hora. Tamén aumentou a cara máis trágica desta realidade, os accidentes mortais: 652 persoas morreron a consecuencia dun accidente de traballo. No caso de Galicia, os datos de accidentes mortais van na liña do resto do Estado: 50 persoas non volveron á casa ao rematar a súa xornada de traballo.

No noso país, cada día dúas persoas non regresan ao seu fogar polo único feito de intentar gañar a vida. Debemos recordar que os traballadores e as traballadoras temos, entre outros dereitos laborais, o dereito á integridade física. Ademais, a Lei de prevención de riscos (LPRL) reconece, expresamente, o noso dereito a unha protección eficaz nesta materia.

Na Unión Europea morren cada ano casi 200.000 persoas por causa de enfermidades profesionais e accidentes no lugar de traballo.

Traballar non debe nin pode supoñer un risco para a túa seguridade e saúde.

TOMA O CONTROL, ESIXE UN TRABALLO SEN RISCOS!

O mercado de traballo precarizouse durante os anos de crise, precarización que segue instalada estruturalmente na actualidade. A Reforma laboral do 2012 reforzou o poder unilateral dos empresarios dotándoos de ferramentas para facer prevalecer os seus intereses sobre os da clase traballadora, arrequestrar os seus beneficios empresariais á custa de empeorar as condicións laborais, menoscabando así a seguridade e a saúde dos traballadores e traballadoras.

A inseguridade laboral asociada ás relacións laborais temporais e parciais non desexadas que monopolizan as novas contratacións, así como os ínfimos salarios que perciben están obrigando as traballadoras e traballadores a elixir entre salario ou saúde, entre dereitos ou emprego. A precariedade laboral fixo aumentar o número de traballadores pobres, que se ven na obriga a aceptar traballos en condicións inseguras e que poñen en serio risco a súa saúde.

Intentar gañar a vida non pode supor un risco para a túa seguridade e saúde.



TOMA O CONTROL, ESIXE UN TRABALLO SEN RISCOS!

Existe un enorme subregistro das enfermidades de orixe laboral. Este feito é preocupante porque o que non se rexistra non se prevén e o que non se prevén termina danando a saúde das persoas traballadoras.

A exposición continuada nos centros de traballo a substancias perigosas ou a cargas de traballo físicas ou mentais excesivas provoca enfermidades que invalidan, producen sufrimento e en numerosas ocasións causan ata a morte.

O cancro de orixe laboral continúa sendo unha materia pendente das políticas de saúde laboral. En España só se declaran entre o 0,1 e o 0,2 % dos cancros laborais estimados. En 2018, só se declararon 28 enfermidades profesionais relacionadas con axentes carcinóxicos —máis da metade estaban relacionadas co amianto—. Se se recoñecesen todos os casos que se producen, o cancro sería a primeira causa de mortalidade profesional en España.

Cómpren estatísticas reais de accidentes de traballo e que estes estean ben clasificados, e o mesmo para as enfermidades profesionais, xa que os datos son imprescindibles para poder traballar en prevención.

TOMA O CONTROL, ESIXE UN TRABALLO SEN RISCOS!

Para tomar o control das túas condicións de traballo, non valen as solucións individuais. Organizarse colectivamente é a medida preventiva máis eficaz.

Por iso exiximos:

- Unha prevención real na empresa que garanta a protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, con unha correcta xestión da prevención de riscos laborais, a través da realización das avaliacións de riscos, incluíndo os psicosociais e a implantación das medidas preventivas derivadas das mesmas.
- Respecto aos dereitos de consulta, participación e representación en todo aquilo que puidese ter consecuencias para as nosas condicións de traballo e a nosa saúde.
- Que as Administracións públicas competentes en materia laboral desenvolvan as funcións que a LPRL lles asigna na promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento normativo.
- Unha Inspección de Traballo e Seguridade Social con recursos abondo para cumprir eficazmente a función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- O reforzo do Instituto da Seguridade e Saúde no Traballo para que poida realizar a necesaria análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a súa promoción e mellora.
- Que o novo Goberno e Parlamento que saian das eleccións xerais do 28 de abril derroguen as reformas laborais e avancen nun novo marco legal que combata a precariedade laboral e que acabe coa deterioración de condicións de traballo asociadas ao incremento dos danos á saúde.
- Un maior control sobre as mutuas, xa que son entidades colaboradoras da Seguridade Social, para que se cataloguen os accidentes segundo a súa gravidade real e se recoñezan o cen por cento das enfermidades profesionais.